



Anuncio

O Pleno Corporativo, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28/05/2026, adoptou o seguinte acordo:

5.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE LOUSAME.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

“O Pleno Corporativo do Concello de Lousame, no uso das facultades que lle confire a lexislación en materia de réxime local, adopta o seguinte acordo para o cumprimento do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS), en virtude dos seguintes antecedentes e fundamentos de dereito.

1.- O Pleno Corporativo do Concello de Lousame aprobou a súa Política de Seguridade, na sesión plenaria ordinaria que tivo lugar o día 31.05.2024; sendo publicado o acordo no Boletín Oficial da Provincia núm. 111 do 10/06/2024.

2.- O día 28/04/2026 o e-responsable do Concello de Lousame, emite un informe técnico no que conclúe:

“Dado que neste proceso a Deputación nos vai guiando con todos os pasos a seguir, e tratándose dun proceso vivo, recentemente a Deputación ven de colgar no repositorio da intranet novos modelos e unha nova Guía do Esquema Nacional de Seguridade (ENS) para concellos. Trátase de documentación nova o que nos obriga a empezar de cero novamente utilizando ás novas plantillas dos procedementos, normativas e modelos que debemos adaptar a cada concello adherido. Así o primeiro documento será a Política de Seguridade, que terá que ser aprobada no Pleno, dado que o documento aprobado no Pleno do Concello do 31 de maio de 2024 non se adaptaba ao novo modelo”

De acordo co disposto e coa potestade de auto-organización da entidade recoñecida no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, tendo en conta o establecido no Real Decreto 311/2022 do 3 de maio polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, o **Pleno do Concello ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a modificación da “**Política de Seguridade da Información**” do Concello de Lousame cuxo texto definitivo se recolle como Anexo a este acordo.

SEGUNDO: Publicar o anuncio de aprobación da modificación da “**Política de Seguridade da Información**”, tanto no BOP coma na sede electrónica municipal.

ANEXO I

POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN DO CONCELLO DE LOUSAME

ÍNDICE

1. APROBACIÓN E ENTRADA EN VIGOR
2. INTRODUCCIÓN
3. MISIÓN DO CONCELLO DE LOUSAME
4. ABRANGUE
5. MARCO NORMATIVO
6. CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS MÍNIMOS DE SEGURIDADE
7. MODELO DE GOBERNANZA
 - 7.1 ROLES OU PERFIS DE SEGURIDADE
 - 7.2 COMITÉ DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN



- 7.3 RESPONSABILIDADES ASOCIADAS AO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE
- 7.4 FUNCIÓNS DO COMITÉ DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN
- 7.5 PROCEDEMENTOS DE DESIGNACIÓN
- 7.6 RESOLUCIÓN DE CONFLITOS
- 8. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL
- 9. DESENVOLVEMENTO DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN
- 10. TERCEIROS

1. APROBACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

Texto aprobado o 28 de maio de 2026, por acordo do Pleno do Concello de Lousame, celebrado en sesión ordinaria.

Esta “Política de Seguridade da Información”, en adiante Política, será efectiva desde esa data e ata que sexa substituída por unha nova Política.

2. INTRODUCCIÓN

O Concello de Lousame, depende dos sistemas TIC (Tecnoloxías da Información e das Comunicacións) para alcanzar os seus obxectivos, exercer as súas competencias e prestar os servizos que ten atribuídos. Estes sistemas deben ser administrados con dilixencia, tomando as medidas axeitadas para protexelos fronte a danos accidentais ou deliberados que poidan afectar á dispoñibilidade, integridade ou confidencialidade da información tratada ou dos servizos prestados.

O obxectivo da seguridade da información é garantir a confidencialidade, integridade, autenticidade e trazabilidade da información e a prestación continuada dos servizos, actuando preventivamente, supervisando a actividade diaria e reaccionando con prontitude aos incidentes.

Os sistemas TIC deben estar protexidos contra ameazas de rápida evolución con potencial para incidir na confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, uso previsto e valor da información e dos servizos. Para defenderse destas ameazas, require unha estratexia que se adapte aos cambios nas condicións do entorno para garantir a prestación continua dos servizos. Isto implica que os departamentos deben aplicar as medidas mínimas de seguridade esixidas polo Esquema Nacional de Seguridade, así como realizar un seguimento continuo dos niveis de prestación de servizos, seguir e analizar as vulnerabilidades reportadas e preparar unha resposta efectiva aos incidentes para garantir a continuidade dos servizos prestados.

Os diferentes departamentos deben asegurarse de que a seguridade TIC é unha parte integral de cada etapa do ciclo de vida do sistema, desde a súa concepción ata a súa retirada de servizo, pasando polas decisións de desenvolvemento ou adquisición e as actividades de explotación. Os requisitos de seguridade e a valoración do seu custo deben ser identificados e incluídos na planificación, na solicitude de ofertas e nos pregos de licitación para proxectos de TIC.

3. MISIÓN DO CONCELLO DE LOUSAME

O Concello de Lousame, para a xestión dos seus intereses e das funcións e competencias que ten atribuídas en diferentes normas ou convenios, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da poboación. Para iso pon a disposición desta a realización de trámites en liña co obxectivo de impulsar a tramitación electrónica dos procedementos administrativos, a mellora na prestación dos servizos e a participación da cidadanía nos asuntos públicos, establecendo deste xeito novas vías de participación que garantan o desenvolvemento da democracia participativa e a mellora da eficacia e eficiencia da acción pública.

Deséxase potenciar, por outra banda, o uso das novas tecnoloxías no Concello e na propia cidadanía. Os principais obxectivos que se perseguen, entre outros, son: fomentar a relación electrónica da cidadanía co Concello, crear a confianza necesaria entre cidadán e Concello nesta relación.

4. ABRANGUE

Esta Política aplicarase aos sistemas de información do Concello de Lousame, que están relacionados co exercicio de dereitos por medios electrónicos, co cumprimento de deberes por medios electrónicos ou co acceso á información ou ao procedemento administrativo e que se encontran dentro do ámbito de aplicación do Esquema Nacional de Seguridade (ENS).



5. MARCO NORMATIVO

O marco normativo que afecta ao desenvolvemento das actividades e competencias do Concello de Lousame en materia de Administración Electrónica, e que esixe a implantación de medidas de seguridade nos sistemas de información, recóllese nun documento independente denominado *RE_002 Registro de Normas Jurídicas del Marco Legal y Reuglatorio v3.xlsx*.

Dito documento recompila a lexislación aplicable, así como as normas sectoriais, autonómicas e complementarias que resulten de aplicación, incluídas as Instrucións Técnicas de Seguridade aprobadas por resolución da Secretaría de Estado de Administracións Públicas e as guías de seguridade publicadas polo Centro Criptolóxico Nacional (CCN) no marco do Esquema Nacional de Seguridade.

A responsabilidade de manter actualizado o marco normativo corresponde ao Concello de Lousame garantindo que dito documento independente estea dispoñible e accesible para todos os órganos e persoal suxeitos ao ámbito de aplicación da presente Política.

6. CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS MÍNIMOS DE SEGURIDADE

O Concello de Lousame, para lograr o cumprimento do Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, que recolle os principios básicos e dos requisitos mínimos, implementou diversas medidas de seguridade proporcionais á natureza da información e dos servizos a protexer, tendo en conta a categoría dos sistemas afectados.

A seguridade como un proceso integral e de mínimo privilexio

A seguridade enténdese como un proceso integral constituído por todos os elementos técnicos, humanos, materiais, xurídicos e organizativos relacionados co sistema. A aplicación do Esquema Nacional de Seguridade ao Concello de Lousame, estará presidida por este principio, que exclúe calquera actuación puntual ou tratamento conxuntural.

Prestarase a máxima atención á concienciación das persoas que intervén no proceso e aos seus responsables xerárquicos, para evitar que a ignorancia, a falta de organización e coordinación ou as instrucións inadecuadas constitúan fontes de risco para a seguridade.

Os sistemas de información deben deseñarse e configurarse outorgando os mínimos privilexios necesarios para o seu correcto desempeño, o que implica incorporar os seguintes aspectos:

- O sistema proporcionará a funcionalidade imprescindible para que a organización alcance os seus obxectivos competenciais ou contractuais.
- As funcións de operación, administración e rexistro de actividade serán as mínimas necesarias, e asegurarse que só son desenvolvidas polas persoas autorizadas, desde lugares ou equipos tamén autorizados; podendo esixirse, no seu caso, restricións de horario e puntos de acceso facultados.
- Nun sistema de explotación eliminaranse ou desactivaranse, mediante o control da configuración, as funcións que sexan innecesarias ou inadecuadas ao fin que se persegue. O uso ordinario do sistema debe ser sinxelo e seguro, de forma que unha utilización insegura requira un acto consciente por parte do usuario.
- Aplicaranse guías de configuración de seguridade para as diferentes tecnoloxías, adaptadas á categorización do sistema, co efecto de eliminar ou desactivar as funcións innecesarias ou inadecuadas.

Vixilancia continua, reavaliación periódica e integridade, actualización do sistema e mellora continua do proceso de seguridade

A vixilancia continua por parte do Concello de Lousame permitirá a detección de actividades ou comportamentos anómalos e a súa oportuna resposta.

A avaliación permanente do estado da seguridade dos activos permitirá medir a súa evolución, detectando vulnerabilidades e identificando deficiencias de configuración.

As medidas de seguridade reavaliaranse e actualizaranse periodicamente, axustando a súa eficacia á evolución dos riscos e dos sistemas de protección, podendo chegar a un replantexamento da seguridade se fose necesario.

A inclusión de calquera elemento físico ou lóxico no catálogo actualizado de activos do sistema, ou a súa modificación, requirirá autorización formal previa.



A avaliación e monitorización permanentes permitirán axustar o estado de seguridade dos sistemas atendendo ás deficiencias de configuración, ás vulnerabilidades identificadas e ás actualizacións que lles afecten, así como á detección temperá de calquera incidente que teña lugar sobre os mesmos.

O proceso integral de seguridade implantado deberá ser actualizado e mellorado de forma continua. Para iso, aplicaranse os criterios e métodos recoñecidos na práctica nacional e internacional relativos á xestión da seguridade das tecnoloxías da información.

Xestión de persoal e profesionalidade

Todo o persoal, propio ou alleo, relacionado cos sistemas de información do Concello de Lousame dentro do ámbito do ENS, será formado e informado dos seus deberes, obrigas e responsabilidades en materia de seguridade. A súa actuación será supervisada para verificar que se seguen os procedementos establecidos.

O significado e alcance do uso seguro do sistema concretarase e plasmarase nunhas normas de seguridade que serán aprobadas pola dirección ou órgano superior correspondente. Do mesmo xeito, determinaranse os requisitos de formación e experiencia necesaria do persoal para o desenvolvemento do seu posto de traballo.

A seguridade dos sistemas de información estará atendida e será revisada e auditada por persoal cualificado, dedicado e instruído en todas as fases do seu ciclo de vida: planificación, deseño, adquisición, construción, despregue, explotación, mantemento, xestión de incidencias e desmantelamento.

De maneira obxectiva e non discriminatoria esixirase que as organizacións que proporcionen servizos contén con profesionais cualificados e con niveis adecuados de xestión e madurez dos servizos prestados.

Xestión da seguridade baseada nos riscos, análise e xestión de riscos

O análise e a xestión dos riscos será parte esencial do proceso de seguridade e será unha actividade continua e permanentemente actualizada.

A xestión dos riscos permitirá o mantemento dun entorno controlado, minimizando os riscos a niveis aceptables. A redución a estes niveis realizarase mediante unha adecuada aplicación de medidas de seguridade, de maneira equilibrada e proporcional á natureza da información tratada, aos servizos a prestar e aos riscos aos que estean expostos.

Esta xestión realizarase mediante a análise e tratamento dos riscos aos que está exposto o sistema. Sen prexuízo do disposto no anexo II, empregarase algunha metodoloxía recoñecida internacionalmente. As medidas adoptadas para mitigar ou suprimir os riscos deberán estar xustificadas e, en todo caso, existirá unha proporcionalidade entre elas e os riscos.

Incidentes de seguridade, prevención, detección, reacción e recuperación

O Concello de Lousame, dispón de procedementos de xestión de incidentes de seguridade de acordo co previsto no artigo 33, a Instrución Técnica de Seguridade correspondente, e de mecanismos de detección, criterios de clasificación, procedementos de análise e resolución, así como das canles de comunicación ás partes interesadas.

A seguridade do sistema contemplará as accións relativas aos aspectos de prevención, detección e resposta, co obxecto de minimizar as súas vulnerabilidades e lograr que as ameazas sobre o mesmo non se materialicen ou que, no caso de facelo, non afecten gravemente á información que manexa ou aos servizos que presta.

As medidas de prevención poderán incorporar compoñentes orientados á disuasión ou á redución da superficie de exposición, deben eliminar ou reducir a posibilidade de que as ameazas cheguen a materializarse.

As medidas de detección irán dirixidas a descubrir a presenza dun ciberincidente.

As medidas de resposta xestionaranse a tempo oportuno, estarán orientadas á restauración da información e dos servizos que puideran verse afectados por un incidente de seguridade.

O sistema de información garantirá a conservación dos datos e información en soporte electrónico.



Do mesmo xeito, o sistema manterá dispoñibles os servizos durante todo o ciclo vital da información dixital, a través dunha concepción e procedementos que sexan a base para a preservación do patrimonio dixital.

Existencia de liñas de defensa e prevención ante outros sistemas de información interconectados

O Concello de Lousame implantou unha estratexia de protección do sistema de información constituída por múltiples capas de seguridade, constituídas por medidas organizativas, físicas e lóxicas, de tal forma que cando unha capa se ve comprometida permita desenvolver unha reacción axeitada fronte aos incidentes que non puideron evitarse, reducindo a probabilidade de que o sistema sexa comprometido no seu conxunto e minimizando o impacto final sobre o mesmo.

Protexerase o perímetro do sistema de información, especialmente cando o sistema do Concello se conecta a redes públicas, tal e como se definen na lexislación vixente en materia de telecomunicacións, reforzándose as tarefas de prevención, detección e resposta a incidentes de seguridade.

En todo caso, analizaranse os riscos derivados da interconexión do sistema con outros sistemas e controlarase o seu punto de unión. Para a adecuada interconexión entre sistemas establécese o disposto na Instrución Técnica de Seguridade correspondente.

Diferenciación de responsabilidades, organización e implantación do proceso de seguridade

O Concello de Lousame, organizou a súa seguridade comprometendo a todos os membros da corporación mediante a designación de diferentes roles de seguridade con responsabilidades claramente diferenciadas, tal e como se recolle no apartado de "MODELO DE GOBERNANZA" do presente documento.

Autorización e control dos accesos

O Concello de Lousame, implantou mecanismos de control de acceso ao sistema de información, limitándoo aos usuarios, procesos, dispositivos e outros sistemas de información debidamente autorizados, e exclusivamente ás funcións permitidas.

Protección das instalacións

O Concello de Lousame, implantou mecanismos de control de acceso físico, previndo accesos físicos non autorizados, así como danos á información e aos recursos, mediante perímetros de seguridade, controis físicos e proteccións xerais en áreas.

Adquisición de produtos de seguridade e contratación de servizos de seguridade

Para a adquisición de produtos ou contratación de servizos de seguridade o Concello de Lousame, terá en conta a utilización de forma proporcionada á categoría do sistema e ao nivel de seguridade determinado, aqueles que teñan certificada a funcionalidade de seguridade relacionada co obxecto da súa adquisición.

Para a contratación de servizos de seguridade atenderase ao sinalado en canto á profesionalidade.

Protección da información almacenada e en tránsito e continuidade da actividade

O Concello de Lousame, prestará especial atención á información almacenada ou en tránsito a través dos equipos ou dispositivos portátiles ou móbiles, os dispositivos periféricos, os soportes de información e as comunicacións sobre redes abertas, que deberán analizarse especialmente para lograr unha adecuada protección.

Aplicaranse procedementos que garantan a recuperación e conservación a longo prazo dos documentos electrónicos producidos polos sistemas de información comprendidos no ámbito de aplicación deste real decreto, cando iso sexa esixible.

Toda información en soporte non electrónico que sexa causa ou consecuencia directa da información electrónica á que se refire este real decreto deberá estar protexida co mesmo grao de seguridade que esta. Para iso, aplicaranse as medidas correspondentes á natureza do soporte, de conformidade coas normas que resulten de aplicación.



Os sistemas dispoñerán de copias de seguridade e estableceranse os mecanismos necesarios para garantir a continuidade das operacións en caso de perda dos medios habituais.

Rexistro de actividade e detección de código daniño

O Concello de Lousame, co propósito de satisfacer o obxecto deste real decreto, con plenas garantías do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos afectados, e de acordo coa normativa sobre protección de datos persoais, de función pública ou laboral, e demais disposicións que resulten de aplicación, rexistrará as actividades dos usuarios, retendo a información estritamente necesaria para monitorizar, analizar, investigar e documentar actividades indebidas ou non autorizadas, permitindo identificar en todo momento a persoa que actúa.

Co obxecto de preservar a seguridade dos sistemas de información, garantindo a rigorosa observancia dos principios de actuación das Administracións públicas, e de conformidade co disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos e co respecto aos principios de limitación da finalidade, minimización dos datos e limitación do prazo de conservación alí enunciados, o Concello poderá, na medida estritamente necesaria e proporcionada, analizar as comunicacións entrantes ou saíntes, e unicamente para fins de seguridade da información, de forma que sexa posible impedir o acceso non autorizado ás redes e sistemas de información, deter os ataques de denegación de servizo, evitar a distribución malintencionada de código daniño así como outros danos ás devanditas redes e sistemas de información.

Para corrixir ou, no seu caso, esixir responsabilidades, cada usuario que acceda ao sistema de información deberá estar identificado de forma única, de modo que se saiba, en todo momento, quen recibe dereitos de acceso, de que tipo son estes, e quen realizou unha determinada actividade.

Infraestruturas e servizos comúns

O Concello de Lousame, terá en conta que a utilización de infraestruturas e servizos comúns das administracións públicas, incluídos os compartidos ou transversais, facilitará o cumprimento do disposto neste real decreto.

Perfis de cumprimento específicos e acreditación de entidades de implementación de configuracións seguras

O Concello de Lousame, terá en conta a aplicación daqueles perfís de cumprimento específicos para Entidades Locais que sexan de aplicación.

7. MODELO DE GOBERNANZA

Para garantir o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade e establecer a organización da seguridade da información no Concello de Lousame designarase roles de seguridade e constituirase un Comité de Seguridade da Información.

7.1. Roles ou perfís de seguridade

Para garantir o cumprimento e a adaptación das medidas esixidas regulamentariamente, creáronse roles ou perfís de seguridade e designáronse os cargos ou órganos que os ocuparán, do seguinte xeito:

- Responsable/s de Información: Alcaldía-Presidencia do Concello de Lousame.
- Responsable dos Servizos: Alcaldía-Presidencia do Concello de Lousame.
- Responsable de Seguridade: Secretaría Xeral do Concello de Lousame
- Responsable do Sistema: Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Lousame.

7.2. Comité de Seguridade da Información

Constituíuse un Comité de Seguridade da Información, como órgano colexiado, e está formado polos seguintes membros:

- Presidente/a: Alcaldía-Presidencia
- Secretario/a: Secretaría xeral
- Vocais:
 - ✓ Responsable de Seguridade.



✓ Responsable do Sistema.

- Delegado de Protección de datos (DPD): cuxas funcións exercerá un funcionario do concello ou a persoa física ou xurídica contratista do servizo de Protección de Datos, apoiando ao Responsable de Supervisión, con funcións de asesoramento e supervisión en materia de protección de datos.

Os Responsables da Información e dos Servizos serán convocados en función dos asuntos a tratar.

Así mesmo, e con carácter opcional, poderán incorporarse aos labores do Comité grupos de traballo especializados, sexan de carácter interno, externo ou mixto.

Os membros do Comité renovaranse cada catro anos ou coa ocasión de vacante.

7.3. Responsabilidades asociadas ao Esquema Nacional de Seguridade

A continuación, detállanse e establécense as funcións e responsabilidades de cada un dos roles de seguridade ENS:

Funcións do Responsable da Información e dos Servizos

- Establecer e aprobar os requisitos de seguridade aplicables ao servizo e á información dentro do marco establecido no anexo I do Real Decreto do Esquema Nacional de Seguridade.
- Aceitar os niveis de risco residual que afecten ao Servizo e á Información.

Funcións do Responsable de Seguridade

- Manter e verificar o nivel adecuado de seguridade da Información manexada e dos servizos electrónicos prestados polos sistemas de información.
- Promover a formación e concienciación en materia de seguridade da información.
- Designar responsables da execución da análise de riscos, da declaración de aplicabilidade, identificar medidas de seguridade, determinar configuracións necesarias, elaborar documentación do sistema.
- Determinar a categoría do sistema, en función das valoracións da información e dos servizos realizadas polos seus respectivos responsables.
- Participar na elaboración e implantación dos plans de mellora da seguridade e, chegado o caso, nos plans de continuidade, procedendo á súa validación.
- Xestionar as revisións externas ou internas do sistema.
- Xestionar os procesos de certificación.
- Elevar á Dirección a aprobación de cambios e outros requisitos do sistema.

Funcións do Responsable do Sistema

- Paralizar ou suspender o acceso á información ou prestación de servizo se ten coñecemento de que estes presentan deficiencias graves de seguridade.
- Desenvolver, operar e manter o sistema de información durante todo o seu ciclo de vida.
- Elaborar os procedementos operativos necesarios.
- Definir a topoloxía e a xestión do Sistema de Información, establecendo os criterios de uso e os servizos dispoñibles no mesmo.
- Asegurarse de que as medidas específicas de seguridade se integren adecuadamente dentro do marco xeral de seguridade.
- Prestar ao Responsable de Seguridade da Información asesoramento para a determinación da Categoría do Sistema.
- Colaborar, se así se lle require, na elaboración e implantación dos plans de mellora da seguridade e, chegado o caso, nos plans de continuidade.
- Levar a cabo as funcións do administrador da seguridade do sistema:
- A xestión, configuración e actualización, se é o caso, do hardware e software nos que se basean os mecanismos e servizos de seguridade.
- A xestión das autorizacións concedidas aos usuarios do sistema, en particular os privilexios concedidos, incluíndo a monitorización da actividade desenvolvida no sistema e a súa correspondencia co autorizado.
- Aprobar os cambios na configuración vixente do Sistema de Información.
- Asegurar que os controis de seguridade establecidos son cumpridos estritamente.



- Asegurar que se aplican os procedementos aprobados para manexar o Sistema de Información.
- Supervisar as instalacións de hardware e software, as súas modificacións e melloras para asegurar que a seguridade non está comprometida e que en todo momento se axustan ás autorizacións pertinentes.
- Monitorizar o estado de seguridade proporcionado polas ferramentas de xestión de eventos de seguridade e mecanismos de auditoría técnica.

7.4. Funcións do Comité de Seguridade da Información

As funcións propias dun Comité de Seguridade da Información son as seguintes:

- o Atender as solicitudes, en materia de Seguridade da Información, da Administración e dos diferentes roles de seguridade e/ou áreas, informando regularmente do estado da Seguridade da Información.
- o Asesorar en materia de Seguridade da Información.
- o Resolver os conflitos de responsabilidade que poidan aparecer entre as diferentes unidades administrativas.
- o Promover a mellora continua do sistema de xestión da Seguridade da Información. Para iso encargarse de:
 - Coordinar os esforzos das diferentes áreas en materia de Seguridade da Información, para asegurar que estes sexan consistentes, aliñados coa estratexia decidida na materia, e evitar duplicidades.
 - Propoñer plans de mellora da Seguridade da Información, coa súa dotación orzamentaria correspondente, priorizando as actuacións en materia de seguridade cando os recursos sexan limitados.
 - Velar porque a Seguridade da Información teña en conta en todos os proxectos desde a súa especificación inicial ata a súa posta en operación. En particular, deberá velar pola creación e utilización de servizos horizontais que reduzan duplicidades e apoiem un funcionamento homoxéneo de todos os sistemas TIC.
 - Realizar un seguimento dos principais riscos residuais asumidos pola Administración e recomendar posibles actuacións respecto deles.
 - Realizar un seguimento da xestión dos incidentes de seguridade e recomendar posibles actuacións respecto deles.
 - Elaborar e revisar regularmente a Política de Seguridade da Información para a súa aprobación polo órgano competente.
 - Elaborar a normativa de Seguridade da Información para a súa aprobación en coordinación coa Dirección Xeral.
 - Verificar os procedementos de seguridade da información e demais documentación para a súa aprobación.
 - Elaborar programas de formación destinados a formar e sensibilizar ao persoal en materia de Seguridade da Información e en particular en materia de protección de datos de carácter persoal.
 - Elaborar e aprobar os requisitos de formación e cualificación de administradores, operadores e usuarios desde o punto de vista de Seguridade da Información.
 - Promover a realización das auditorías periódicas ENS e de protección de datos que permitan verificar o cumprimento das obrigas da Administración en materia de seguridade da Información.

7.5. Procedementos de designación

A designación dos Responsables identificados nesta Política realizarase pola Alcaldía-Presidencia ou polo Pleno do Concello de Lousame e notificarase fidedignamente ás partes afectadas.

Os roles de seguridade serán revisados cada catro anos e no caso de que exista unha vacante, a mesma deberá ser cuberta no prazo dun mes, seguindo o mesmo procedemento.

7.6. Resolución de conflitos

Se houbera conflito entre os Responsables, será resolto polo Comité de Seguridade da Información.

8. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O Concello de Lousame, no tratamento dos datos persoais, cumpre cos principios e obrigas da normativa vixente, entre outros o Regulamento 679/2016, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016,



relativo á Protección das Persoas Físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos-RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía de dereitos dixitais, respectando, en todo caso, o dereito fundamental á protección de datos persoais, á intimidade e ao resto dos dereitos fundamentais recoñecidos tanto na lexislación e tratados internacionais como na Constitución vixente.

9. DESENVOLVEMENTO DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

O cumprimento dos obxectivos marcados nesta Política de Seguridade lévase a cabo mediante o desenvolvemento de documentación que compoñen as normas e procedementos de seguridade asociados ao cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade. Para a súa organización definiuse unha Norma para a Xestión da Documentación, que establece as directrices para a organización, xestión e acceso.

A revisión anual da presente Política corresponde ao Comité de Seguridade da Información, propoñendo, se é necesario, melloras da mesma, para a súa aprobación por parte do mesmo órgano que a aprobou inicialmente.

10. TERCEIROS

Cando preste servizos a outros organismos, ou manexe información de outros organismos, faráselles partícipe desta Política de Seguridade da Información. O Concello de Lousame, definirá e aprobará as canles para a coordinación da información e os procedementos de actuación para a reacción ante incidentes de seguridade, así como o resto das actuacións que o Concello leve a cabo en materia de Seguridade en relación con outros organismos.

Cando o Concello de Lousame, utilice servizos de terceiros ou ceda información a terceiros, faráselles partícipe desta Política de Seguridade e da Normativa de Seguridade existente que atañe a devanditos servizos ou información. Dita terceira parte quedará suxeita ás obrigas establecidas na mencionada normativa, podendo desenvolver os seus propios procedementos operativos para satisfacela. Estableceranse procedementos específicos de comunicación e resolución de incidencias.

Garantirase que o persoal de terceiros estea adecuadamente concienciado en materia de seguridade, polo menos ao mesmo nivel que o establecido nesta Política de Seguridade. Do mesmo xeito, tendo en conta a obrigaón de cumprir co disposto nas Instrucións Técnicas de Seguridade recollida na Disposición adicional segunda (Desenvolvemento do Esquema Nacional de Seguridade) do Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, e en consideración á Instrución Técnica de Seguridade de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade, onde se establece que os operadores do sector privado que presten servizos ou provean solucións ás entidades públicas, aos que lles resulte esixible o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade, deberán estar en condicións de exhibir a correspondente Declaración de Conformidade co Esquema Nacional de Seguridade cando se trate de sistemas de categoría BÁSICA, ou a Certificación de Conformidade co Esquema Nacional de Seguridade, cando se trate de sistemas de categorías MEDIA ou ALTA.

Cando algún aspecto desta Política de Seguridade non poida ser satisfeito por unha terceira parte segundo se require nos parágrafos anteriores, requirirase un informe do Responsable de Seguridade que precise os riscos en que se incorre e a forma de tratalos. Dito informe deberá ser aprobado polos responsables de información e dos servizos, con carácter previo ao inicio da relación coa terceira parte.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses a contar dende a publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Previamente cabe interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Pleno Corporativo, no prazo dun mes a contar dende a publicación deste anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Lousame, a 29 de maio de 2026



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O Alcalde, Esteban Ares García